

ANTONIO R. CORBAL VOCEIRO DO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO

«O segredo de Lodoselo son os seus veciños e a implicación co seu pobo»

A aposta pola «nova ruralidade» é a clave do éxito deste lugar de Sarreaus

X. M. R. OURENSE / LA VOZ

Cando Antonio R. Corbal (Lodoselo, 1960) chegou de volta ao seu pobo logo dos anos que botou fóra, na súa etapa de formación, non se recoñecía nel. Lembra os tempos nos que se facían traballos comunais —limpar os camiños, meter a auga nas casas, crear as beirarrúas, amañar os accesos cando todo era lama e bulleiro, axudar en tarefas duras como a malla e a seitura e moitas outras accións— e aquilo non se semellaba en nada. Disque a veciñanza se derramara por dous factores importantes: «As diferenzas que xurdiran pola concentración parcelaria e o partidismo mal entendido». Varios mozos decidiron que había que arranxar o choiro e convocaron unha xuntanza para tentar organizar actividades e recuperar a convivencia. «O éxito foi un fracaso: viñeron só dúas ou tres persoas», lembra entre risas. Eles decidiron que aquilo non ía ser un atranco. E así comezaron, organizando o magosto, e logo o entroido... e 39 anos despois teñen convertido Lodoselo nun pobo modélico ao que todos miran para tentar trasladar aos seus municipios as iniciativas deste lugar de Sarreaus. —En 1985 crearon a asociación cultural O Cruceiro e en 1990 constituíse o Centro de Desenvolvemento Rural O Viso. Aí comezou todo?

—Sempre fomos os mesmos, aínda que a data oficial sería 1990 porque é cando se lle deu curso legal ao CDR O Viso.

—Magosto, entroido... e xa non pararon.

—E logo foi cando os veciños se implicaron na recuperación dos locais da escola, e máis adiante converteuse a reitoral nun albergue e por aí seguimos. A evolución foi como unha bola de neve, cada vez sumamos máis cousas. Non foi doado, pero petamos a todas as portas para conseguilo.



Quen son. «Unha persoa agradecida e traballadora. Con sentido de pertenza ao rural». ALEJANDRO CAMBA

—E logo xa se meteron co comedor?

—A escola tiña dúas zonas, para nenos e nenas como era antes, e fixemos un local para actividades e un tanatorio. Ao comezo dos 90 pedimos a reitoral para convertela en centro sociocomunitario. Non funcionou e mudouse para ser albergue, e a xente que viña —entre eles estivo o Padre Silva e unhas persoas de Xapón— participaba nas actividades cos do pobo: ían a granxa ou facían o pan no forno. E esa conexión coa veciñanza foi fundamental. Co comedor comunitario comezamos en 1998. Só nas fins de semana —sábado e domingo—. E a partir do 2000 todos os días, e agora ten unha dimensión moito máis grande. Agora damos entre 120 e 130 comidas todos os días na comarca da Limia.

—Con que servizos contan na actualidade?

—Están agrupados en catro bloques. Na Área Educativa e Am-

biental contamos co pobo escola, albergue, espazo na natureza, a casa niño e a educación infantil familiar, e agrogandería —a xente ten cada vez menos gando bovino e nós temos ovellas, burro, abellas, coellos e galiñas—. E na Área de Atención á Comunidade incluímos a vivenda comunitaria, os servizos a domicilio, o centro de día, os biocoidados e o centro social polivalente. E logo está todo o relacionado cos bloques de Inclusión Social e Laboral, e o de Información e Participación Social.

—A vivenda comunitaria é o que garante que os maiores podan seguir vivindo no pobo?

—Na mesma viven doce persoas e nós chamámoslle «A túa outra casa» ou «O mellor outro hotel do mundo». Servizos como este, a atención no fogar, o comedor a domicilio, transporte adaptado, terapia ocupacional, fisioterapia e outros só teñen un obxectivo: que os maiores podan seguir

coa vida na súa casa, no seu medio, coa súa xente e con calidade de vida.

—Cantos traballadores están vencellados ao CDR O Viso?

—Este ano cincuenta persoas, pero en realidade son menos porque o incremento foi por un programa que remata agora. De media temos trinta traballadores. —Vai camiño dos 40 anos do comezo. Onde está a clave de todo o conseguido?

—O importante é a comunidade e xa estaba aí, pero había que facer cousas nela. O sentimento de pertenza a unha comunidade é fundamental —como din os airmara, o que é pobre é o que non a ten ou está só—. O segredo de Lodoselo son os seus veciños e a súa implicación co seu pobo, algo que reivindicamos —reivindicamos— con orgullo. E non é só Lodoselo, senón todos os pobos do municipio e a comarca da Limia. Hai una nova ruralidade e temos que darlle respostas.

«Temos consultas de toda Galicia, pero sempre digo que cada un ten a súa singularidade»

No Centro de Desenvolvemento Rural O Viso non paran. O seu voceiro chega de volta dunha xuntanza en Medina de Rioseco (Valladolid) na que se presentaron os resultados do programa Biocoidados e o venres anunciaban a súa participación na proposta da Fundación RIA —a que promove o arquitecto David Chipperfield— para aportar a perspectiva rural de cara á súa integración nas políticas territoriais. Antonio R. Corbal reunca sempre no que considera o alicerce de todo o conseguido nestas décadas: comunidade, persoas, compromiso, futuro... Como sinalan na súa web, o obxectivo podería pasar por conseguir ser un referente na «utopía realizable».

—Teñen propostas para trasladar o seu modelo a outras zonas?

—Por aquí leva pasado xente para facer o mesmo en lugares dos seus municipios. E mesmo cando Anxo Quintana era vicepresidente da Xunta fixo unha xuntanza no pobo e dixo que había que lodoselizar o rural galego —xa lle dixen daquela que esa non era a cuestión—. Temos consultas de toda Galicia, pero sempre digo que cada un ten a súa singularidade. Non se trata de copiar. Hai unha nova ruralidade e temos que adaptarnos a ela e aos tempos que corren.

—A experiencia atrae a novos veciños?

—Si, aínda que niso somos de non forzar as cousas. Ás persoas ou familias que teñen vido sempre lle dicimos que vivan unha tempada nunha das casas do pobo, que vexan a realidade do día a día e que logo decidan se queren vivir en Lodoselo ou non. E cando digo Lodoselo falo de Freixo, Laroá ou calquera outro pobo do municipio ou da Limia.

—Por onde pasa o futuro?

—Para nós por seguir traballando e petando en todas as portas para conseguir novos proxectos e programas que nos permitan darlle respostas ás necesidades do rural da comarca da Limia.

Un mestre que lembra con paixón o programa «Preescolar na casa»

Antonio Rodríguez Corbal é o voceiro dun proxecto que ten acadado un recoñecemento unánime e o apoio de toda unha serie de institucións, colectivos, empresas e particulares. Xunta, Goberno, UE, Deputación, varias universidades e concellos da comarca da Limia, así como Fundación la Caixa, Barrié, Mercadonra, Vegalsa, Coren, Cruz Vermella, Inorde ou Ceder son algunhas

das entidades e institucións que avalan o seu traballo. Os galardóns e recoñecementos son moitos, o último o Premio Agader —Axencia Galega de Desenvolvemento Rural— ó desenvolvemento rural de Galicia na categoría de interese social concedido no 2023. O voceiro do Viso —sempre coa súa bicicleta, un dos seus sinais de identidade— incide no obxectivo que caracteriza

o proxecto: a loita por conseguir un medio rural habitable.

Mestre de formación, a presenza dun tío escolapio na familia foi determinante no seu periplo vital. «Fomos catro do pobo a estudar a Oviedo. E logo, non había recursos e esa era unha boa opción para contar con estudos, ao seminario a Salamanca. Estamos falando do ano da morte de Franco, 1975, e naquela etapa tiven a

sorte de participar en moitas iniciativas e experiencias que foron unha gran riqueza para min. Estiven no barrio de El Rollo traballando e axudando aos comuneiros, no movemento Júnior, na escola Lorenzo Milani, colaborando cos escolapios nunha granxa na que producían leite para os seus centros de ensino e logo fun ao colexio Calasanz, de Pinto».

Naquela altura foi cando se

atopou cun exemplar da revista *Encrucillada* no que se falaba do programa *Preescolar na casa*. Volveu, preparou a oposición, entrou no proxecto e aquela paixón mantense. Botou nel 26 anos, ata que desapareceu, e logo pasou ao colexio limiao Rosalía de Castro. Ponse a falar de *Preescolar na casa* e sae a súa paixón: «Era un programa espectacular, non se fixo nada como iso en educación».